



ARQUITECTURA
INDIANA
TOMIÑO

CASA DA LUCITA OU DE TRONCOSO

A pegada das Américas



Localización

Coordenadas 41.946724, -8.776511

Tipo de ben: vivenda

Concello: Tomiño

Parroquia: Goián

Lugar: Avenida Brasil

Cronoloxía: 1909

Construtor: Serafín Carrera Fernández

Promotor: Gerardo Fernández Troncoso

Propiedade: privada

Uso actual: deshabitada

Estado de conservación: regular

Comentario e descrición

Vivenda de planta rectangular con tellado a dúas augas e bufarda. A fachada principal artículase mediante unha sucesión de vans centrados pola porta de entrada á que se accede por unha escada de dous tramos enfrontados. Esta construción, de carácter ecléctico, presenta pilastras anexas con capiteis xónicos para resaltar partes da fachada, frontóns para coroar ventás, perpiaños almofadillados nas esquinas, óculos, balaustrada rematando a cornixa con vasos e frontón partido coroado por unha piña.

A casa presenta un valado feito con reixería realizada en forxa que acouta un terreo axardinado, como adoitaba ser frecuente nas vivendas unifamiliares. Esta, paralela á estrada, pertence ao tipo das construcións urbanas que diante deixaban unha franxa de terreo antes da porta de entrada. Situada na Avenida Brasil, o nome indica a onde emigraron moitos dos veciños do concello. Outras características da época presentes aquí son as iniciais, posiblemente do promotor, que se len na fachada, acompañadas da data de construción, así como os azulexos, de influencia portuguesa, con motivos florais que decoran na fachada principal a zona de acceso ao soto. A carpintería dos vans e da porta podería ser a orixinal, aínda que presenta numerosos desperfectos.

Referencias bibliográficas

- Bores Garamundi, Fernando: Casas de indianos. Pontevedra, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 2009.
- Martínez Pousa, Cristal: Arquitectura e os Indianos en A Guarda, O Rosal e Tomiño: Proposta de catalogación, 2009. (Non publicada).

FICHA DE CATALOGACIÓN
Nº inventario: GOI-03

Tomiño
CONCELLO

DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA